

RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- **Concurso de traslados específico, prazas de educación e promoción de adultos**
- **Concurso de orientación**

Concurso de educación e promoción de adultos

As prazas deberían ter pasado polas Xuntas de Persoal, **non debendo ser as definitivas**

Debera incrementarse a oferta dos cursos específicos de adultos, que son os que se piden de xeito específico para o apartado 7.7 do baremo.

Por último, solicitamos que se rebaixe a puntuación de 4 puntos por ano de experiencia en adultos en EPA, CEGEBAD e extensións xa que desequilibra a puntuación total.

Ademais sexa a puntuación que sexa, debese contemplar tamén ao profesorado que impartiu en adultos nos IES. Xa é unha discriminación que vimos denunciando fai tempo que ese profesorado non cobre o complemento que cobran os dos centros de EPA como para non puntuarlles ese traballo no concurso.

Puntuar tamén as coordinacións de ESO e bacharelato a distancia así como as de alumnado inmigrante. Deberase coñecer o cadro de persoal destes centros.

Preguntamos pola aparición das vacantes do IES San Clemente, estamos falando dun concurso específico de centros EPA, as prazas de EPA existentes nos IES non poden convocarse como prazas específicas, deberan ser dotadas no concurso xeral de traslados.

Concurso de traslados xefatura de orientación

Queremos coñecer a rede definitiva de centros de orientación. Sen esta rede é difícil valorar a situación da orientación en Galicia

Solicitamos que se oferten como resultas as prazas de orientación compartida. Consideramos o modelo como obsoleto e caduco, deberase modificar para esixir a titulación.

Manifestamos que xa hai mestres sen titulación adecuada que accederon a estes postos e non poden pasar probas diagnósticas por falta desa titulación. Conviría abordar este tema na Mesa Sectorial e non continuar adiante cun modelo que non permite unha atención de calidade do servizo público.